



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Cirurxía Podolóxica Avanzada		Código	750G02130
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es	
Profesorado	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	A materia Cirurxía Podolóxica Avanzada é unha asignatura do 4º curso do Grado de podoloxía, donde integraremos os coñecementos de cirurxía podolóxica básica, para obter competencias avanzadas dentro do campo cirúrxico. Básicamente o alumno terá unha visión de patoloxía, ademais de conceptos e técnicas cirúrxicas avanzadas do pe, con especial atención o retrope. Asemade, se dará importancia o concepto global da preparación precirurxica, así como o coñecemento e manexo das posibles complicacións derivadas do acto cirúrxico.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A117	CE53 - Coñecer e empregar o instrumental de Quiropodoloxía e cirurxía podolóxica, as técnicas e procedementos en prevención da infección: métodos de limpeza, desinfección, esterilización e os seus controis
A122	CE58- Coñecer e diagnosticar a patoloxía do pé con indicación cirúrxica
A123	CE59 - Coñecer e empregar a historia clínica, valorar e aplicar o protocolo preoperatorio e o consentimento informado
A124	CE60 - Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico e a farmacoloxía pre e post cirúrxica
A126	CE62 -Coñecer e obter habilidades nos procedementos técnicos e na aplicación das técnicas de cirurxía ungueal e de cirurxía podolóxica de partes brandas do pé
A127	CE63 - Coñecer e obter habilidades nos procedementos técnicos e na aplicación das técnicas de cirurxía ósea e articular do pé
A130	CE66 - Coñecer e saber tratar as complicacións e efectos secundarios derivados da aplicación das técnicas de cirurxía podolóxica e quiropodolóxicas
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B26	CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B31	CG04 -Adquirir unha experiencia clínica adecuada en cada un dos contidos podolóxicos, levados a cabo en Centros acreditados para a formación universitaria de Podoloxía, fomentando a interrelación e comunicación eficaz con pacientes, familiares, e membros do equipo multidisciplinar
B36	CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía
B37	CG10 - Identificar que o exercicio da profesión está asentado no respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación



B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C14	CT06 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social
C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 -Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1- Coñecer o uso do instrumental en cirurxía.	A117	B24	C9
	A122	B25	C11
	A123	B26	C14
	A124	B28	C15
	A126	B30	C16
	A127	B31	C17
	A130	B36	
		B37	
2- Coñecer a anatomía cirúrxica e o diagnóstico diferencial en patoloxía do pé con indicación cirúrxica.	A117	B24	C9
	A122	B25	C11
	A123	B28	
	A124	B30	
	A126		
	A127		
	A130		
3- Aplicar correctamente os procedementos e habilidades técnicas en cirurxía podolóxica.	A117	B25	C9
	A122	B26	
	A123	B28	
	A124	B30	
	A126		
	A127		
	A130		
4- Aplicar razoadamente o protocolo preoperatorio.	A122	B24	C9
	A123	B25	C11
	A124	B26	C16
	A127		
	A130		
5- Coñecer, utilizar e xestionar adecuadamente a farmacoloxía do período perioperatorio.	A122	B24	C9
	A123	B25	C11
	A124	B26	C14
	A126	B28	C15
	A130	B30	



6- Adquirir habilidades na aplicación de técnicas podolóxicas para a cirurxía osteoarticular e ligamentosa do pé.	A117	B24	C9
	A122	B25	C15
	A123	B26	
	A124	B28	
	A126	B30	
	A127	B31	
	A130		
7- Coñecer e saber tratar as complicacións e efectos secundarios derivados da aplicación de técnicas de cirurxía podolóxica.	A117	B24	C9
	A122	B25	C15
	A123	B26	
	A127	B28	
	A130	B30	
		B31	
		B36	

Contidos	
Temas	Subtemas
Recordo anatómico-cirúrxico do retrope.	
Abordaxe cirúrxica da patoloxía do sistema Aquileo-calcáneo-plantar	
Cirurxía dos atrapamentos e traumatismos nerviosos	
Técnicas cirúrxicas avanzadas para a cirurxía mínimamente invasiva/percutánea do pé.	
Principios e xeneralidades da artroscopia do pé e do nocello.	
Abordaxe cirúrxica das fracturas de pé e nocello.	
Complicacións e secuelas na cirurxía podolóxica.	
Manexo médico-cirúrxica avanzada do paciente candidato a cirurxía podolóxica.	
Sistemas de avaliación e validación de resultados clínicos en cirurxía do pé	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A117 A122 A124 A127 A130 B28	14	20	34
Obradoiro	A123	9	7	16
Traballos tutelados	B24 B25 B26 B30 B31 C9 C11 C15	4	5	9
Presentación oral	B36 B37 B39 C14 C16 C17	1	3	4
Proba de resposta múltiple	A117 A122 A123 A124 A126 A127 A130 B24 B25	2	8	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral Proba de resposta múltiple	Durante as sesións maxistrais e os obradoiros poderase expor as dúbidas que xurdan. Posteriormente e vía correo electrónico tamén se poden expor dúbidas sobre os temas expostos en clase. En cada tema haberá un foro/chat no campus virtual para as dúbidas que poidan xurdir. Durante os talleres realizarase atención personalizada para resolver as dúbidas e problemas que lle xurdan ao alumno. O alumno conta co apoio do profesor para a elección do tema do traballo tutelado. Ademais o profesor axudará o alumno nas dúbidas que lle vaian xurdindo durante a realización do traballo tutelado e a preparación da presentación oral. O profesor colaborará co alumno na realización da presentación oral do traballo tutelado realizado. A atención personalizada en forma de tutorías desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas tutorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as tutorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes do campus virtual, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia, de ser pertinentes.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B24 B25 B26 B30 B31 C9 C11 C15	Na cualificación do traballo considerárase a idoneidade do tema escollido, o rigor científico, a capacidade de síntese e de crítica e a adecuación da bibliografía consultada.	10
Presentación oral	B36 B37 B39 C14 C16 C17	A avaliación da presentación oral do traballo tutelado realizarase tendo en conta os seguintes puntos: presentación do caso (modo de expresión, uso das tecnoloxías da información e capacidade de comunicarse), e a calidade e capacidade de dar resposta ás preguntas realizadas despois da exposición e en relación ó caso.	10



Proba de resposta múltiple	A117 A122 A123 A124 A126 A127 A130 B24 B25	O alumno deberá realizar unha proba de 60 preguntas tipo test con resposta múltiple (con 4 ou cinco opcións), sendo solamente unha das opcións correcta. Cada resposta correcta valerá 1 punto, e por cada 3 preguntas incorrectas, se restará 1 punto. O aprobado do exame estará en 30 preguntas netas correctas (30 puntos) (unha vez descontadas as respostas incorrectas). É necesario aprobar o exame para poder aprobar a materia. As respostas serán evaluadas únicamente na plantilla de respostas do examen.	80
----------------------------	--	---	----

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente, 9-10 Matrícula de Honra

(Graciable). Outorgarase Matrícula de Honra Graciable, ao alumno coa maior puntuación global sempre que sexa maior de 9.5. No caso de que o número de matrículas que se poidan outorgar sexa menor que o número de alumnos coa maior puntuación global, outorgarase matrícula de honra a aqueles alumnos coa maior nota no exame. Se continua sendo menor o número de matrículas de honra que se poden outorgar terase en conta a nota da presentación oral do traballo tutelado, o traballo tutelado escrito e por último os días de asistencia a clase. Alumnos con matrícula a tempo parcial (deben mandar e-mail ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso) e dispensa académica: A presentación oral dos traballos tutelados será acordada co alumno/a sen ter que ser ou día que lle corresponde. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. Considerarase non presentado: aquel alumno que non realice o traballo tutelado nin a presentación oral e non asista ao exame final. **IMPORTANTE:** Para aprobar á asignatura será imprescindible aprobar a proba de resposta múltiple e ter realizados os traballos tutelados así como a presentación oral. A asistencia a clase e os obradoiros non é obrigatoria, máis é recomendable, e poderán ser tidos en conta de cara a puntuación final da asignatura. Para o alumnado de SICUE/ERASMUS que puidese acollerse á modalidade de avaliación, a avaliación valorarase procurando evitar a coincidencia con outra materia que cursen simultaneamente.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Brian Carpenter (October 15, 2021). McGlamry's Foot and Ankle Surgery. Wolters Kluwer - Myerson MS (Philadelphia 2019). Reconstructive Foot and Ankle Surgery: Management of Complications. Elsevier - Maffulli N (London 2011). Minimally Invasive Surgery of the foot and ankle. Springer - Kitaoka H (Philadelphia 2013). Master Techniques in Orthopaedic Surgery. The Foot and Ankle. Third Edition. Wolters Kluwer No desenvolvemento de cada tema achegarase bibliografía específica para a consulta do alumno.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Cirurxía Podolóxica 2/750G02129

Anatomía xeral/750G02103

Anatomía específica do membro inferior/750G02104

Dermatoloxía/750G02124

Microbioloxía e parasitoloxía /750G02107

Quiropodoloxía 1/750G02125

Quiropodoloxía 2/750G02126

Farmacoloxía/750G02109

Terapéutica Farmacolóxica/750G02122

Cirurxía Podolóxica 1/750G02128

Conceptos Xerais de Cirurxía/750G02127

Diagnóstico por Imaxe/750G02112

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum II/750G02135

Podoloxía Deportiva/750G02123

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Pé de Risco/750G02131

Materias que continúan o temario

Prácticum III/750G02136

Técnicas de Anestesia e Reanimación en Podoloxía/750G02138

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías